



SESION ORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 28 DE XANEIRO DE 2.018

No salón de Sesións da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás vinte horas e corenta e cinco minutos do día vinte e oito de xaneiro de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Jose Antonio Carracedo Ramírez e D. Juan Santiago González Rodríguez do grupo municipal do BNG, coa asistencia de D. José Vidueira García do PSdeG, e coa *ausencia* dos Sres. Concelleiros do Grupo Popular, D. Francisco José Montesinos Rodríguez, D. Jose Luis Rodríguez Alonso, D. Santos Piornedo Piornedo e D. Jesús Río Piornedo; actuando como Secretario da Corporación, D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ao obxecto de celebrar a Sesión ordinaria en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 17/12/2018

Por unanimidade dos asistentes, aprobouse a acta da sesión anterior correspondente á celebrada o 17/12/2018

2º.- RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA ALCALDÍA DENDE A DERRADEIRA SESIÓN PLENARIA.

Deuse conta das Resolucións adoptadas pola Alcaldía quedando a disposición dos Sres. Concelleiros para a súa consulta nas dependencias de Secretaría.

3º.- EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DO INMOBLE ANTIGA CASA DO CONCELLO.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Este Concello é propietario do edificio público con cualificación xurídica de ben de dominio público, de servizo publico sito en Avda. da Constitución nº 81 bis, desta localidade, inscrito no Rexistro da Propiedade de Viana do Bolo, tomo 126, Libro 1, e no Libro Inventario de Bens da Corporación Local co núm. 44.

SEGUNDO: O Sr. Alcalde na súa Providencia considera oportuno someter ao Pleno da Corporación o cambio de afectación do referido edificio argumentando a súa non necesidade para os servizos públicos municipais por canto deixou de ser necesario para Policlínica e Casa do Concello por terse construído novos inmobles. Asimesmo considera oportuno buscarlle unha rendabilidade social e tamén económica para o Concello de A Mezquita coa súa calificación como BEN PATRIMONIAL.

TERCEIRO: No informe de Secretaría faise constar que a lexislación aplicable correspóndese co artigo 81 da Lei 7/1985 do 2 de abril Lei de Bases de Reximen Local que establece a necesidade dun expediente no que se acredite a oportunidade e legalidade da desafectación.

Asimesmo o artigo 8 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/1986 do 13 de xuño establece a esixencia de información pública previa de un mes e o artigo 47.3.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril LBRL esixe o quorum de maioría absoluta para a adopción do Acordo polo Pleno da Corporación.

CUARTO: É preciso acreditar a oportunidade e a legalidade da alteración da calificación xurídica. Na Providencia da Alcaldía quedan patentes as razóns de oportunidade: o edificio non cumpre hoxe en día as funcións socioeconómicas e permanece baleiro polo traslado dos servizos públicos que anteriormente desempeñou. O Orzamento Xeral para o 2019 contempla a súa enaxenación.

Asimesmo cúmprese a legalidade no proceso de desafectación.



CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- A proposta de desafectación axústase á legalidade e aprecianse razóns de oportunidade.

Segundo.- Deberá aprobarse a alteración da cualificación xurídica de ben de servizo público a ben patrimonial por acordo inicial do Pleno da Corporación co quorum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación. Someteráse o expediente a información pública durante o prazo de un mes para oír reclamación que serán resoltas pola Corporación. Se non se presentasen alegacións á aprobación provisional convertírase en definitiva, facendoo constar así no Acordo.

Expón o Alcalde-Presidente as razóns de oportunidade para encontrar un uso social mais acaído a un inmovible que xa non cumpre ningunha función de servizo público por canto foron construídas novas instalación na que hoxe funcionan a CASA DO CONCELLO E O CENTRO DE SAÚDE e polo tanto a súa clasificación como BEN PATRIMONIAL permitirá que poida cumprir outras funcións socioeconómicas en usos residenciais ou comerciais de interese unha vez poida procederse ao seu alleamento en pública subasta.

O Pleno da Corporación por unanimidade e co quorum de MAIORÍA ABSOLUTA do número legal de membros da Corporación,

ACORDA:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a desafectación da antiga Casa do Concello e policlínica ó abeiro do disposto no artigo 81 da Lei 7/85 do 2 de abril e do artigo 8 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD/1372/1986 do 13 de xuño en base ao expediente tramitado no que queda constancia das razóns de oportunidade, así como da legalidade da alteración da calificación xurídica que se propón.

Segundo.- Someter a información pública polo prazo dun mes o presente acordo a efectos de exame e reclamacións polos interesados facendo constar que de non existiren alegacións ou reclamacións contra do mesmo no periodo de exposición pública este acordo terá de carácter de aprobación definitiva.

4º.- APLICACIÓN INCREMENTO RETRIBUTIVO DE 2,25 % PARA 2019, SEGUNDO REAL DECRETO LEI 24/2018 DE 21 DE DECEMBRO.

O R.D. Lei 28/2018 do 21 de decembro establece un incremento global do 2,25 para a masa salarial vixente a 31/12/2018 con efectos do 01/01/2019.

EXPOSICIÓN E DEBATE

Expón o Sr. Alcalde o apoio a aplicación do incremento ao persoal municipal do 2,25%.

Indica que dacordo con esta disposición legal é necesario revisar as contías contempladas no ORZAMENTO aprobado para o presente exercicio 2019 e asimismo sinala que por parte do servizo de Secretaría-Intervención elaborouse a proposa de Anexo de Persoal coa relación das prazas existentes no Concello de A Mezquita. Nesta relación figuran os funcionarios municipais coa indicación do grupo correspondente, nivel de CD e contía de complemento específico atribuído a cada posto. Figura asímesmo a relación do persoal laboral coas prazas e consignación establecidas para o persoal laboral indefinido e para o persoal laboral temporal así como para os programas cofinanciados anualmente con fondos da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial.

VOTACIÓN E ACORDO

O Alcalde-Presidente somete o asunto a aprobación do Pleno da Corporación, adoptándose por unanimidade, co voto favorable dos concelleiros e concelleiras presentes dende o inicio da sesión, os seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO. Aplicar o incremento do 2,25% ás retribucións dos funcionarios e traballadores municipais para o exercicio 2019 segundo o establecido no R.D. Lei 28/2018, do 21 de decembro.



SEGUNDO. Aprobar a relación de persoal que comprente as prazas de funcionarios e persoal laboral do Concello de A Mezquita para o exercicio de 2019, que a continuación se adxunta, coas retribucións correspondentes a cada praza, incorporándoas á documentación correspondente ao ORZAMENTO XERAL 2019 do Concello de A Mezquita cando se tramite o primeiro expediente de modificación de créditos con cargo ao remanente de Tesourería.

ANEXO DE PERSOAL 2019
Real Decreto Lei 24/2018 do 21 de decembro

Apartado 1 Funcionarios

PRAZA	RETRIBUCIÓN BÁSICAS			R. COMPLEMENTARIAS		TOTAL
	SOLDO	TRIENIOS	P.EXTRAS	CD	C. Específico	
Secretaria - Intervención A1 CD 26	14.124,96	5.478	6.649	10.374,56	23.320	59.946,52
Técnico Ad. Serv Especiais A2 CD 22	12.213,48	3.093	3.720,87	7.575,68	5.495	32.098,03
Activo Admon Xeral C1 CD 22	9.170,28	3.678,95	4.900,84	7.575,68	13.822	39.147,75
Auxiliar Activo C2 CD 18	7.632,12	1.138	3.319	5.866,28	7.272	25.227,40
Persoal Oficinas E CD 11	6.985,32	1.199,39	2.928,44	3.530,80	7.450	22.093,95
TOTAIS	50.126,16	14.587,34	21.518,15	34.923	57.359	178.513,65

- ✓ C. Específico devengarase ao igual que o C. Destino en 14 pagas.
- ✓ C. Específico Secretaría-Intervención inclúe complemento delegado protección de datos, cunha valoración anual de 3.332€.
- ✓ Será preciso adecuar consignación orzamentaria mediante Modf. De Créditos:
 - Partida 920 120 + 2.527€
 - Partida 920 121 + 15.976€
 - Partida 920 130 + 3.668€



Apartado 2º. PERSOAL LABORAL

Denominación do posto de traballo e a súa clasificación laboral	Nº dotacións	RETRIBUCIÓN BÁSICAS ANUAIS Euros	OUTRAS REMUNERACIÓN ANUAIS Euros
TRABALLADORA SOCIAL	1	20.172,13	Incentivos e desprazamentos 1.271
AXENTE EMPREGO	1	20.172,13	
TÉCNICO LOCAL URBANISMO	1	6.064,33	1.251,47
AUXILIAR AXUDA DOMICILIO	7	97.005,72	7.362,27
AUXILIAR AXUDA DOMICILIO	1	9.450,00	
SUMAS TOTAIS	11	152.864,31	11.155,20

Total = 164.019,58€

Partida 231.130 + 32.982€

Partida 231.160+6.089

Sub. Persoal PROGRAMAS:

EMPREGABILIDADE -----	20.000 €
APROL RURAL -----	22.500 €
SOCORRISTA -----	3.800 €
Brigadas extinción INCENDIOS -----	42.958 €
	<hr/>
	89.258 €



MASA SALARIAL 2018 Liquidación. Prev. Definit.	447.100 €
Orzamento 2019 previsión inicial ❖ Inclue previsións subv. temporal e 100 % praza Secretaria Intervención antes acumulada.	462.103 €
Corrección erro material consignación C.D. anexo de persoal	5.723 €
Corrección erro material Axuda no Fogar	25.051 €
PREVISIÓN 2018 axustado	492.877€
INCREMENTO 2,25% RDL 24/2018	11.089€
Adecuación retributiva trienios	377 €
Adecuación retributiva SMI 900€	12.250€
Adecuación retributiva ADL Sub. Xunta	1.821€
MASA SALARIAL TOTAL 2019	518.414€
PERSOAL FUNCIONARIO APARTADO 1	178.514€
PERSOAL LABORAL APARTADO 2	164.020€
S. SOCIAL 920.160.00	47.033€
S. SOCIAL 231.160.00	39.589€
Sub. Persoal PROGRAMAS:	
EMPREGABILIDADE	20.000€
APROL RURAL	22.500€
SOCORRISTA	3.800€
INCENDIOS	42.958€
	518.414€

5º.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTO DO EXERCICIO DE 2018

Por parte de Acaldía agradécese aos servizos de Secretaría-Intervención e aos traballadoras municipais a dilixencia para ter aprobado xa nestas datas a Liquidación do Orzamento de 2018

Destaca o Sr. Alcalde o grao de execución acadado que permitiron dar satisfacción a moitas das demandas formuladas polos veciños e veciñas de A Mezquita e tamén o importante saneamento financeiro realizado na redución de préstamos e débeda comercial.

O Pleno da Corporación toma razón da Liquidación do Orzamento 2018 que presenta o seguinte resume:

CADRO RESULTADO ORZAMENTARIO



CONCELLO DE A MEZQUITA
ESTADO DE LIQUIDACION DEL PRESUPUESTO DE 2.018

III. RESULTADO PRESUPUESTARIO

Fecha liquidación: 31-12-18

CONCEPTOS	DERECHOS RECONOCIDOS NETOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	AJUSTES	RESULTADO PRESUPUESTARIO
a. Operaciones corrientes.....	940.762,17	840.493,73		100.268,44
b. Otras de capital.....	70.855,62	118.026,19		-47.170,57
1. Total operaciones no financieras (a+b).....	1.011.617,79	958.519,92		53.097,87
c. Activos financieros.....				
d. Pasivos financieros.....		125.275,98		-125.275,98
2. Total operaciones financieras (c+d).....		125.275,98		-125.275,98
I. RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO (I=1+2).	1.011.617,79	1.083.795,90		-72.178,11
AJUSTES				
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos generales.....			232.500,00	
4. Desviaciones de financiación negativas del ejercicio.....				
5. Desviaciones de financiación positivas del ejercicio.....			6.161,25	
II. TOTAL AJUSTES (II=3+4-5).....			226.338,75	226.338,75
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO (I+II).....				154.160,64

6º.-MOCIÓN DE URXENCIA- APOIO AO PROXECTO BATEFOGO

Expón a Alcaldía ó abeiro do disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 do 28 de novembro ROFCL, a urxencia de incluír na Orde do día da Sesión do Pleno o apoio do Concello de A Mezquita ao Proxecto de adaptación ao cambio climático dende a prevención de incendios.

Por unanimidade apróbese a urxencia da proposta da Alcaldía incluíndo este asunto na orde do día da Sesión Ordinaria e por asentimiento unánime dos asistentes o Pleno da Corporación expresa o apoio a Feitoría Verde Sociedade Corporativa para o proxecto Batefogo presentado á convocatoria de axudas da Fundación Biodiversidade correspondente a 2018.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon,

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,